

Coa forza das mulleres, hai futuro !

**Paremos os
recortes
en igualdade !**



www.feggalia.org
facebook.com/bloqueacion21tagalego
twitter.com/cblocue



Coa forza das mulleres hai futuro.

O Bloque Nacionalista Galego (BNG) asume a loita pola igualdade como un compromiso democrático, imprescindible para avanzarmos cara unha sociedade xusta. Non é tolerábel que a metade da poboación sufra discriminacións e se limite o exercicio dos seus dereitos. **Acreditamos no necesario compromiso das institucións públicas coa igualdade, que deben articular medidas e programas que atendan as súas demandas e loiten contra as discriminacións de xénero.** Lamentabelmente, coa chegada do PP á Xunta de Galiza, estase aplicando un programa regresivo, con efectos negativos para os dereitos e as condicións de vida das mulleres.

Os exemplos son abondosos. Cuestionase o dereito das mulleres a decidiren libremente sobre a súa maternidade, péchanse servizos de información e atención, suprímese o Servizo Galego de Igualdade, parálizase a aplicación de leis en vigor como a de loita contra a violencia de xénero ou a favor da igualdade no ámbito laboral, ou redúcense drasticamente os orzamentos dedicados as políticas de igualdade. Estas políticas teñen a súa cara máis cruel e inxusta en decisións como a de eliminar axudas ás mariscadoras que non tiñan opción a unha pensión digna, ou nos recentes recortes aplicados ás axudas para as mulleres que sofren violencia de xénero.

A Xunta de Galiza do PP está dando pasos cara atrás que non teñen precedentes nas últimas décadas. Co agravante de estarmos nunha crise económica, que castiga ao



noso país con paro e precariedade, con decisións inxustas que limitan o noso futuro. Hoxe hai 131.632 mulleres desempregadas, os índices de discriminación salarial persisten e a precariedade ten rostro feminino. Mentres a Xunta de Galiza non é capaz de poñer en marcha unha soa medida para atallar esta situación.

As súas decisións van por outros derroteiros. Preparan unha nova lei de familias, que no substancial supón un novo ataque aos dereitos das mulleres. Así o corroboran o Consello Económico e Social e numerosas asociacións feministas, alertando que o texto que prepara a Xunta supón recuperar o rol tradicional das mulleres para aforrar recursos orzamentarios en dependencia, escolas infantís, actividades extraescolares e comedores.

É sorprendente que un Goberno que non actúa fronte ao paro, ou os problemas que hoxe ten a sociedade galega, só sexa dilixente á hora de recortar dereitos e impoñer un programa ideolóxico. Urxe un cambio de rumbo. Demandamos políticas que permitan a creación de emprego e o acceso en igualdade das mulleres ao mesmo; priorizar a loita e os recursos contra a violencia de xénero; apostar polos servizos públicos e a corresponsabilidade nas tarefas do coidado e a crianza. Para logralo é precisa a nosa implicación.

Podemos parar esta ofensiva e camiñar cara un modelo social e económico que albisque un futuro en igualdade na Galiza.





www.bng-galiza.org
facebook.com/bloquenacionalistagalego
twitter.com/obloque